

RELACIÓN ENTRE MASA E PESO



Aínda que na linguaxe cotiá o peso e a masa poidan parecer conceptos equivalentes, desde o punto de vista científico son dúas magnitudes distintas que non debemos confundir.

MASA

É a cantidade de materia que ten un corpo.



A **balanza** é o instrumento que se utiliza para medir a masa dun corpo.

PESO

É a forza coa que a Terra atrae un corpo.



Dinamómetro

MEDIDA DO PESO

Como o peso é unha forza, mídese en unidades de forza.

No Sistema Internacional de Unidades, a súa unidade de medida é o **newton** que se representa co símbolo **N**.

Para medir o peso, utilizamos un aparello chamado **dinamómetro**.



Un corpo dun quilogramo ten a mesma masa na Terra e na Lúa; con todo, o seu peso é distinto, pois a **forza de atracción**, tamén chamada gravidade, na Lúa é menor que na Terra.

5. Se deixo caer unha pedra desde unha altura de dez metros na Terra e repito a experiencia á mesma altura na Lúa, cal chegará máis rápido? Por que?

6. Onde cres que saltarías máis alto: aquí na Terra ou na Lúa? Explica.

7. Investiga cal é a gravidade dos diferentes planetas do Sistema Solar.



– En cal deles pesarás máis? En cal pesarás menos?